

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 26/02/1962**

**Colección:**

**Data:** 26/02/1962

**De:**

Domingo García-Sabell;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Doutor Teixeira, 11 (de enderezo), Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita e membrete:] DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL/DR. TEIJEIRO, 15/TELÉFONO 1330/SANTIAGO

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Mencionados:**

Claude Debussy; Maruxa Seoane; Elena Tormo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcrición da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 26/02/1962**

26-II-1962

Sr. D. Luis Seoane

Buenos Aires

Querido Luis:

A túa carta conmoveume fundamente. Tes a mellor das memorias, a memoria entrañabel. Eisí se esprica isa fermosa lembranza da nosa mocidade que traba no teu espírito a música de Debussy ca figura esvaída de miña nai.

¡Si souperas deica que punto a morte de miña nai revolveu en min tódolos pousos da miña ialma! Habería que falar moito diste sucedido. Da serea enerxía con que afrontou o pasamento, da leición que a todos nos donou ca sua derradeira dignidade humán, da sua elegante conformidade, ¡qué sei eu!

E de pronto, apareces tí e falas da nosa xuventude, das xuntanzas en Xelmírez, da tertulia no Suizo. Agroma en mín unha época de ledicia i esperanza. Ledicia porque o mundo i a nosa Galicia –a túa e a miña– andaban farturentas de vida. Esperanza porque os rapaces matinábamos –os rapaces coma tí e coma eu– en ampriar e fecundar isa vida. Tiñamos sensibilidade, concencia dos problemas da terra –que son os do pobo– i unha moi concreta arela de xustiza. Xustiza en todo. Na cultura e no que non é cultura –si hai algo que nono seña. En fin, o tempo foi pasando. Tí convertíchete nun gran pintor. Eu, nun médico metido no seu burato. Pro os dous seguimos sendo novos. Porque seguimos creendo nas mesmas cousas. E porque sabemos, con saber que se non formula en palabras, que a nosa mocidade non está perdida de todo.

Unha forte, unha conmovida aperta de

Domingo

Apertas tamén de Elena e miñas pra Maruja.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.